



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 05 DE AGOSTO DE 2021

### **1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00037352N.**

#### **Ratificar a urxencia da convocatoria.**

Ratifícase a urxencia

### **2. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00022360Q.**

#### **Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela Performa Sociedade Cooperativa Galega.**

Apróbase o texto do convenio e a concesión directa da subvención á Performa Sociedade Cooperativa GALEGA, por importe de **50.000 €**, con imputación á aplicación orzamentaria 050 33400 4890008, conforme ao previsto no artigo 22.2.a da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e aprobación do gasto.

A documentación remitida pola antedita entidade propón a realización do festival Plataforma que é un proxecto que quere tender pontes entre as artes visuais e as artes vivas, as artes escénicas, a literatura, a arquitectura e o deseño, convidando a reflexionar sobre o espazo público e integrando servizos e institucións da cidade para actuar como motor para o desenvolvemento e a cohesión social.

As actividades propostas son do interese da Concellaría de Cultura polo que suponen de fomento e difusión da cultura realizada na nosa cidade.

### **3. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00021658G.**

#### **Aprobación da anulación do gasto e cancelación das bases da convocatoria do Premio Exeria de proxectos de creación literaria. Ano 2021**

Acórdase:

1. Deixar sen efecto a convocatoria as bases da convocatoria do Premio Exeria de proxectos de creación literaria.

2. Anular o gasto, correspondente ao premio en metálico, por importe de 1.500 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2021 050 33400 4890100 da área de Cultura pertencente á Concellaría de Acción Cultural.

A situación epidemiolóxica do estado español provocou que o goberno de Israel elevase as restriccións de entrada no país cancelando os permisos de entrada a viaxeiros extranxeiros para viaxes non esenciais polo que resulta inviable a posibilidade de disfrute da estadía de creación na cidade de Xerusalén.

Por este motivo resulta imprescindible deixar sen efecto as bases da convocatoria ao resultar de imposible cumprimento o premio a conceder nas circunstancias actuais.

#### **4. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00034841P.**

##### **Aprobación das Bases da convocatoria de Premios de creación literaria SELIC 2021.**

Acórdase:

1. Aprobar as Bases da convocatoria dos Premios de creación literaria SELIC 2021.
2. Autorizar o gasto de 9.000 euros con cargo a aplicación orzamentaria 2021 050 33400 4890100 da área de Cultura pertencente á Concellería de Acción Cultural.

O obxectivo dos premios de creación literaria é abranguer os diferentes xéneros: narrativa, poesía, ensaio e dramaturxia. Outorgarase un premio cunha dotación de 6.000 € dous accésits cunha dotación de 1.500 € cada un. Os tres premios levan aparellada a autorización para a súa publicación por parte do Concello de Santiago de Compostela.

#### **5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00035764B.**

##### **Aprobar o expediente denominado Rehabilitación do firme na vía de Edison e a apertura do procedemento de adxudicación.**

Apróbase o expediente denominado "Rehabilitación do firme na vía de Edison e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de **120.000 euros** (99.173,55 euros + IVE 21% que ascende a 20.826,45 euros). O financiamento desta actuación forma parte do programa de Axudas encamiñadas á habilitación e mellora das infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.